


5º Concurso de Caligramas



Primeiro Premio de Secundaria.
Estefanía García Méndez
(Yaima), alumna do IES de
Ortigueira, A Coruña.



Primeiro Premio de Primaria
Ana María Aira Seijo
(Carrilana), alumna do CPI
Uxío Novoneira, Pedrafita
do Cebreiro, Lugo.

O grupo de biblioteca do IES Castro da uz –As Pontes–, convoca o 5º concurso de caligramas coas seguintes bases:

- 1.- Consideramos “caligramma” un texto, xeralmente poético, no que se emprega a disposición das letras ou palabras, a tipografía ou a caligrafía para tentar representar o contido do poema ou tema.
- 2.- Poderá participar calquera estudante, **de primaria, secundaria, bacharelato ou ciclos formativos**.
- 3.- Cada concursante participará con **un** caligramma, orixinal e inédito. As obras **non** irán asinadas e o tema será: “O FINAL máis impactante das miñas lecturas.
- 4.- Os caligramas presentaranse en **CARTOLINA** tamaño **DINA4** e poderán ser manuscritos ou a ordenador.
- 5.- O prazo de admisión de orixinais remata o **8 de abril de 2011**. As obras presentaranse no IES Castro da uz – en horario lectivo- ou enviaranse ao enderezo: IES Castro da uz, R/ José María Penabad López s/n. (cp 15320), As Pontes, A Coruña, indicando no sobre “5º Concurso de Caligramas”. (De ser varios alumnos e alumnas os/as que participen dun mesmo centro, os caligramas poderán enviarse nun único sobre que conteña as obras e os datos identificativos de todos/-as os/as participantes).
- 6.- O caligramma non irá asinado; identificarase cun pseudónimo na parte traseira deste. Meterase nun sobre xunto a un folio que conteña a seguinte información: pseudónimo e nome e apelidos do autor ou autora do caligramma, enderezo persoal ou do centro de ensino, teléfono de contacto, correo electrónico e D.N.I. -se tivese-, así como o centro no que estuda e o curso. Tamén se incluírá o texto que se utilizou para deseñar o caligramma.. De non conter esta identificación os caligramas quedarán excluídos do concurso.
- 7.- O xurado fará unha preselección dos caligramas presentados a concurso.
- 8.- **PREMIOS:**

Primeiro Premio - Secundaria, BAC e ciclos formativos: Un fin de semana para tres persoas nunha casa de turismo rural ou balneario (a canxear en Halcón Viajes, R/ Antón Fraguas, 3-27001- Lugo).

Primeiro Premio – Primaria- : MP5 de 8GB e pantalla de 4 pulgadas.

(De non presentarse concursantes nalgunha das modalidades, o seu premio pasará a considerarse un 2º premio para as modalidades participantes).

Elaborarase un libro con todos os caligramas preseleccionados e entregarse un exemplar aos centros nos que estean matriculados os / as gañadores/-as.

As obras pasarán a ser propiedade da biblioteca do IES Castro da uz. e cos caligramas presentados realizarase unha escolma para seren colocados na biblioteca do Centro.

9.- O Xurado estará constituído por membros da comunidade educativa do IES Castro da uz e a súa decisión será inapelable. **O fallo** realizarase na **última semana de abril de 2011**. O resultado será notificado aos / as gañadores / -as e aos centros nos que se encontran matriculados vía e-mail e telefónica.

10.- O feito de participar no certame supón a aceptación das presentes bases.

¡¡SORTE A TODOS E A TODAS!!!

Grupo de Biblioteca do IES CASTRO DA UZ a 1 de febreiro de 2011.